

Resumo da Programación
Didáctica

PRIMEIRO
BACHARELATO
Lingua Castelá e
Literatura

Departamento de Lingua Castelá e Literatura

Cod. centro 27013648 (Viveiro – Lugo)

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA. PRIMEIRO CURSO BACHARELATO

SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

1ª AVALIACIÓN	UNIDADES DIDÁCTICAS				Temporalización		Probas escritas de aval.
	U.D	Título da unidade	Bloque	Contido	Mes	Sesiões	
			B1 B2 B3	BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA BLOQUE 3: COÑECEMENTO DA LINGUA			
1	Análise e comentario de textos orais e escritos	B1.1	Comunicación oral non espontánea no ámbito educativo: o seu proceso e a situación comunicativa.	Todo o curso	8	X	
		B1.2	Textos expositivos e argumentativos orais.				
		B1.3	Xéneros textuais orais propios do ámbito educativo.				
		B1.4	Comprensión e produción de textos orais procedentes dos medios de comunicación social. Recursos.				
		B2.1	A comunicación escrita no ámbito educativo.				
		B2.2	Comprensión, produción e organización de textos expositivos escritos do ámbito educativo. (resumos, esquemas...)				
		B2.3	Comprensión, produción e organización de textos escritos procedentes dos medios de comunicación social: xéneros informativos, e de opinión e publicidade. (comentarios críticos de textos)				
		B2.4	Procedementos para a obtención, o tratamento e a avaliación da información procedente de fontes impresas e dixitais. Educación para o uso, o tratamento e a produción de información.				
		B3.12	Procedementos para a obtención, o tratamento e a avaliación da información procedente de fontes impresas e dixitais. Educación para o uso, o tratamento e a produción de información.				
		B3.15	Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.				
	B3.16	Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.					
	2	O texto: propiedades e tipoloxía	B3.11	Recoñecemento e explicación das propiedades textuais. Os seus procedementos. Modalidade.	Nov.	5	
			B3.10	Observación, reflexión e explicación das formas de organización textual.	Nov.		
3	Variedades da linguaxe	B3.13	Coñecemento e explicación da pluralidade lingüística de España. As súas orixes históricas.	Dec.	5		
		B3.14	Recoñecemento e explicación das variedades funcionais da lingua.	Dec.			
		B4	BLOQUE 4: EDUCACIÓN LITERARIA				
4	Literatura medieval	B4.1	Estudo das obras máis representativas da literatura española desde a Idade Media ata o século XIX, a través da lectura e a análise de fragmentos e obras significativas. (Só Idade Media nesta avaliación)	Sept. / out.	14	X	
		B4.2	Análise de fragmentos ou obras completas significativas desde a Idade Media ao século XIX, identificando as súas características temáticas e formais en relación co contexto, o movemento, o xénero ao que pertence e a obra do/da autora, e constatando a evolución histórica de temas e formas. (Só Idade Media nesta avaliación)				
		B4.3	Desenvolvemento da autonomía de lectura e aprecio pola literatura como fonte de pracer e de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas.				
		B4.4	Interpretación crítica de fragmentos ou obras significativas desde a Idade Media ao século XIX, detectando as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural. Reflexión e superación de estereotipos de xénero, clase, crenzas, etc.				
		B4.5	Planificación e elaboración de traballos educativo escritos ou presentacións sobre a literatura desde a Idade Media ata o século XIX, obtendo a información de fontes diversas e achegando un xuízo crítico persoal e argumentado con rigor.				
		B4.6	Composición de textos escritos con intención literaria e conciencia de estilo.				

A unidade didáctica nº 1 repétese ao longo de todo o curso.

		UNIDADES DIDÁCTICAS		Temporalización		Probas escritas de aval.		
		U.D	Título da unidade	Bloque	Contido		Mes	Sesiões
2ª AVALIACIÓN	1	Análise e comentario de textos orais e escritos	B1	BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA BLOQUE 3: COÑECEMENTO DA LINGUA	Todo o curso	4	X	
			B1.1					Comunicación oral non espontánea no ámbito educativo: o seu proceso e a situación comunicativa.
			B1.2					Textos expositivos e argumentativos orais.
			B1.3					Xéneros textuais orais propios do ámbito educativo.
			B1.4					Comprensión e produción de textos orais procedentes dos medios de comunicación social. Recursos.
			B2.1					A comunicación escrita no ámbito educativo.
			B2.2					Comprensión, produción e organización de textos expositivos escritos do ámbito educativo. (resumos, esquemas...)
			B2.3					Comprensión, produción e organización de textos escritos procedentes dos medios de comunicación social: xéneros informativos, e de opinión e publicidade. (comentarios críticos de textos)
			B2.4					Procedementos para a obtención, o tratamento e a avaliación da información procedente de fontes impresas e dixitais. Educación para o uso, o tratamento e a produción de información.
			B3.12					Procedementos para a obtención, o tratamento e a avaliación da información procedente de fontes impresas e dixitais. Educación para o uso, o tratamento e a produción de información.
			B3.15					Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
			B3.16					Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.
5	5	Categorías gramaticais e os grupos sintácticos	B3.1	BLOQUE 4: EDUCACIÓN LITERARIA	Febr. - marzo	4 4 3 2	X	
			B3.2					Substantivo: caracterización morfolóxica, sintáctica e semántica.
			B3.3					Adxectivo: caracterización morfolóxica, sintáctica e semántica.
			B3.4					Verbo: flexión verbal; perífrase verbal.
			B3.5					Pronome: tipoloxía e valores gramaticais.
			B3.6					Determinantes: tipoloxía e usos.
			B3.7					Recoñecemento das diferenzas entre pronomes e determinantes. Relacións gramaticais.
B3.8	Adverbio: tipoloxía e valores gramaticais.							
6	6	Literatura renacentista e barroca	B4.1	BLOQUE 4: EDUCACIÓN LITERARIA	Xan. - febr.	10	X	
			B4.2					Estudo das obras máis representativas da literatura española desde a Idade Media ata o século XIX, a través da lectura e a análise de fragmentos e obras significativas. (Renacemento e Barroco nesta avaliación)
			B4.3					Análise de fragmentos ou obras completas significativas desde a Idade Media ao século XIX, identificando as súas características temáticas e formais en relación co contexto, o movemento, o xénero ao que pertence e a obra do/da autora, e constatando a evolución histórica de temas e formas. (Renacemento e Barroco)
			B4.4					Desenvolvemento da autonomía de lectura e aprecio pola literatura como fonte de pracer e de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas.
			B4.5					Interpretación crítica de fragmentos ou obras significativas desde a Idade Media ao século XIX, detectando as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural. Reflexión e superación de estereotipos de xénero, clase, crenzas, etc.
			B4.6					Planificación e elaboración de traballos educativo escritos ou presentacións sobre a literatura desde a Idade Media ata o século XIX, obtendo a información de fontes diversas e achegando un xuízo crítico persoal e argumentado con rigor.
			B4.6	Composición de textos escritos con intención literaria e conciencia de estilo.				

		UNIDADES DIDÁCTICAS		Temporalización		Probadas escritas de aval.		
		U.D	Título da unidade	Bloque	Contido		Mes	Sesiões
				B1 B2 B3	BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA BLOQUE 3: COÑECEMENTO DA LINGUA			
3ª AVALIACIÓN	1	Análise e comentario de textos orais e escritos	B1.1	Comunicación oral non espontánea no ámbito educativo: o seu proceso e a situación comunicativa.	Todo o curso	4	X	
			B1.2	Textos expositivos e argumentativos orais.				
			B1.3	Xéneros textuais orais propios do ámbito educativo.				
			B1.4	Comprensión e produción de textos orais procedentes dos medios de comunicación social. Recursos.				
			B2.1	A comunicación escrita no ámbito educativo.				
			B2.2	Comprensión, produción e organización de textos expositivos escritos do ámbito educativo. (resumos, esquemas...)				
			B2.3	Comprensión, produción e organización de textos escritos procedentes dos medios de comunicación social: xéneros informativos, e de opinión e publicidade. (comentarios críticos de textos)				
			B2.4	Procedementos para a obtención, o tratamento e a avaliación da información procedente de fontes impresas e dixitais. Educación para o uso, o tratamento e a produción de información.				
			B3.12	Procedementos para a obtención, o tratamento e a avaliación da información procedente de fontes impresas e dixitais. Educación para o uso, o tratamento e a produción de información.				
			B3.15	Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.				
	B3.16	Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.						
7	Sintaxe	B3.9	Observación, reflexión e explicación das estruturas sintácticas simples e complexas. Conexións lóxicas e semánticas nos textos.	Maio-xuño	13			
		B4	BLOQUE 4: EDUCACIÓN LITERARIA					
	8	Literatura dos séculos XVIII e XIX	B4.1	Estudo das obras máis representativas da literatura española desde a Idade Media ata o século XIX, a través da lectura e a análise de fragmentos e obras significativas. (Ilustración, Romanticismo e Realismo)	Abril-maio	10	X	
	B4.2	Análise de fragmentos ou obras completas significativas desde a Idade Media ao século XIX, identificando as súas características temáticas e formais en relación co contexto, o movemento, o xénero ao que pertence e a obra do/da autora, e constatando a evolución histórica de temas e formas. (Ilustración, Romanticismo e Realismo)						
	B4.3	Desenvolvemento da autonomía de lectura e aprecio pola literatura como fonte de pracer e de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas.						
	B4.4	Interpretación crítica de fragmentos ou obras significativas desde a Idade Media ao século XIX, detectando as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural. Reflexión e superación de estereotipos de xénero, clase, crenzas, etc.						
	B4.5	Planificación e elaboración de traballos educativo escritos ou presentacións sobre a literatura desde a Idade Media ata o século XIX, obtendo a información de fontes diversas e achegando un xuízo crítico persoal e argumentado con rigor.						
	B4.6	Composición de textos escritos con intención literaria e conciencia de estilo.						

A unidade didáctica nº 1 repetirase ao longo de todo o curso.

AVALIACIÓN

1. AVALIACIÓN INICIAL

Data de realización: entre a primeira e a segunda semana do curso realizarase unha proba xeral para avaliar o punto de partida do alumnado.

Tipo de proba: consistirá nunha proba escrita que constará dun texto para avaliar a comprensión lectora, a expresión escrita, a capacidade de síntese, ortografía, etc. Ademais, haberá unha serie de cuestións sobre coñecemento de lingua (de ortografía, de morfoloxía e sintaxe). Paralelamente, nos primeiros días do curso haberá pequenas avaliacións de carácter oral (lectura en voz alta, expresión oral...) e observación do hábito de traballo de cada alumno.

Mecanismos de información ás familias: os resultados desta proba serán sempre orientativos e nunca influirán nas cualificacións do resto do curso. Non se informará deles salvo nos casos nos que haxa que tomar algunha medida específica, que será tomada en consenso co departamento de Orientación do centro.

Consecuencias dos resultados desta avaliación: a partir dos resultados desta proba, decidirase que alumnos precisan dalgunha atención á diversidade: ubicación especial na aula, recomendacións especiais para superar a materia, algún tipo de reforzo, etc.

2. AVALIACIÓN CONTINUA

Probas escritas e periodicidade: en cada avaliación faranse tres probas obxectivas de coñecementos puntuadas sobre dez puntos e que poderán realizarse nunha única sesión ou en sesións diferentes. A primeira versará sobre os contidos de literatura vistos na avaliación. A segunda, sobre os contidos gramaticais (de estudo da lingua, do bloque III do currículo). Ámbalas dúas farán media aritmética entre elas. A terceira proba será de análise e comentario de texto (que corresponde aos contidos da unidade 1 que se repite en cada avaliación). A primeira será aproximadamente a mediados de cada trimestre e as dúas seguintes, cara ao final.

Cando un alumno non se presente a unha proba terá que presentar un xustificante oficial para que esta sexa repetida.

Modo de cualificación: ademais das probas obxectivas de coñecementos e a proba de comentario anteriores, varios estándares de aprendizaxe serán avaliados segundo outros instrumentos (tal como expuxemos nas táboas do capítulo 2.2 desta programación):

- x Observación:** aquí consignarase a comunicación oral na aula, a participación na clase (en debates, postas en común...), o interese, etc. O uso da correcta expresión oral será obxecto permanente de avaliación en toda clase de actividades realizadas polo alumno.
- x Caderno do alumno:** o uso correcto da expresión escrita será obxecto permanente de avaliación en todo tipo de actividades realizadas polo alumno. A súa actualización e corrección formal permiten avaliar o traballo, o interese e o grao de seguimento de tarefas do curso de cada alumno.

- x **Traballos individuais:** trátase neste curso, fundamentalmente, de traballos de diversa índole: resumes, esquemas, comentarios literarios, comentarios críticos, etc.

Cálculo da nota: todos os instrumentos descritos anteriormente terán o seguinte peso na cualificación de cada trimestre:

- x **80 %** → a media das dúas probas de coñecementos,
- x **10 %** → a proba de análise e comentario de textos,
- x **10 %** → o rendemento académico do alumno a partir da avaliación de traballos individuais.

As notas de cada avaliación serán redondeadas cara o seguinte número enteiro só nos casos en que se supere o medio punto, agás no caso do catro, no que haberá que acadar un catro setenta e cinco para obter o cinco, que supón o aprobado.

Nas diferentes probas escritas que o alumno irá realizando ao longo do curso aplicaranse os seguintes criterios de cualificación:

- x desconto de 0'20 puntos por cada erro en ortografía,
- x desconto de 0'10 por cada erro na acentuación,
- x desconto de 0'15 por erros de tipo ortotipográfico (incorrecto uso de comiñas, guións, suliñado de títulos...)
- x desconto de 0'25 puntos por marxes incorrectas,
- x desconto de 0'25 por unha incorrecta presentación (ausencia de limpeza).

Mecanismos para recuperar unha proba non superada: dada a variedade de probas e instrumentos de avaliación previstos, non haberá recuperacións de probas específicas non superadas.

Mecanismos para recuperar unha avaliación non superada: cando unha avaliación non sexa superada, dado o carácter de continuidade que presenta unha materia como esta, non haberá actividades de reforzo específicas agás nos casos en que se considere imprescindible.

A recuperación das avaliacións non superadas realizarase mediante **unha proba** que terá as seguintes características:

- x unha proba global en xuño, nos últimos días do curso, (que podería incluír preguntas sobre as obras de lectura obrigatoria) para os alumnos que teñan suspensas as 3 avaliacións;
- x probas de carácter parcial por trimestres, tamén en xuño, segundo as avaliacións suspensas do alumno. Coa nota acadada nestas probas parciais calcularase a nota final do curso, como xa explicaremos.

Excepcionalmente, non terán que realizar ningunha das probas de recuperación final que acabamos de describir aqueles alumnos que teñan só unha avaliación suspensa cando a media aritmética das tres avaliacións acade un 5. No caso de teren 2 suspensas, con notas iguais ou superiores a 4, tampouco farán recuperación se acadan o 5 na media aritmética das tres avaliacións.

3. AVALIACIÓN FINAL

Alumnado que debe realizala: como xa expuxemos, o alumnado que supere a materia por

avaliacións, non debe realizar ningunha proba de avaliación final. As probas de avaliación final son, en puridade, probas de recuperación final para superar as avaliacións non superadas.

Tipo de proba: consistirá, pois, en probas escritas de características semellantes ás probas realizadas durante o curso: comunicación, gramática, ortografía e o bloque de educación literaria.

Estándares que se van a avaliar: nas probas de recuperación incluíranse os estándares de aprendizaxe marcados nas táboas do capítulo 2.2. desta programación con **1** como grao mínimo para superar a materia.

Cálculo da cualificación final: a cualificación final do alumnado que non teña que ir á proba de avaliación final (recuperación) será a nota media achada entre a nota obtida nos tres trimestres. Procederáse ao redondeo cara o seguinte número enteiro a partir do medio punto.

A cualificación do alumnado que realice a proba de recuperación por avaliacións será tamén a da media dos trimestres, tendo en conta que a nota da avaliación non superada será substituída pola nota acadada nesta proba final.

Criterios para a promoción: serán os sinalados no artigo 35 sobre a promoción (Título II. Bacharelato. Capítulo III. Avaliacións, promoción e titulación) do D86/2015 de 25 de xuño. Non hai planificados no centro criterios especiais neste momento.

4. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Data de realización: no 1 ou 2 de setembro.

Tipo de proba: consistirá nunha proba escrita que avaliará os contidos explicados durante o curso: comunicación, gramática, ortografía e literatura.

Constará de oito a quince preguntas aproximadamente cunha puntuación sinalada na propia proba en cada pregunta. Os estándares avaliábeis serán os mesmos que na proba global de avaliación final: só os que aparecen sinalados cun grao mínimo de consecución de **1**.

Cálculo da cualificación: cada pregunta levará na proba indicada a súa valoración. A cualificación total será sobre 10 puntos, segundo o peso indicado para cada pregunta. Só se terá en conta esta proba para a avaliación extraordinaria.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Non hai libro de texto en 1º de Bacharelato. A profesora facilitará os temas a través de aula virtual do centro.

OUTROS ASPECTOS

1. DATOS DO DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

O Departamento de Lingua Castelá e Literatura do IES Vilar Ponte de Viveiro neste curso 2016-2017 está composto polas profesoras que a continuación se citan, cos seus respectivos cursos e grupos asignados:

DOCENTE	MATERIA	Cursos/Grupos	Nº horas	Nº horas total
MANUELA SALGADO FERNÁNDEZ	LCeL	3º ESO A+B+C	9	19
	Ámbito Sociolingüístico	2º ano de PMAR	9	
	Titoría	PMAR	1	
CAROLINA MARIÑO GARCÍA	LCeL	4º ESO A+B+C	9	19
	LCeL	2º BACH. A + B	6	
	Titoría	4º ESO A	1	
	Equipo de biblioteca	BIBLIOTECA	3	
	Literatura Esp. no Cine	1º BACH.	1	
ANA MARÍA TATO ÁLVAREZ (Xefatura do Departamento)	LCeL	1º BACH. A + B	6	18
	Literatura Universal	1º BACH. A + B	8	
	Invest. e Tratam. da Información	2º ESO (un grupo)	1	
	Dinamización e Coordinación do equipo	BIBLIOTECA	3	
MARÍA DE LOS ÁNGELES MURIAS SIÑERIZ	LCeL	2º ESO A + C	6	17
	LCeL	A.E.T. 2º ESO	3	
	ReAp (exentos 2ª lingua estranxeira)	1º ESO (dous grupos)	4	
	ReAp (exentos 2ª lingua estranxeira)	2º ESO (un grupo)	2	
	Comprensión e Expresión Escrita	1º ESO	1	
	Invest. e Tratam. da Información	2º ESO (un grupo)	1	
MARÍA DEL PILAR MARTÍN FERNÁNDEZ	LCeL	1º ESO A+B+C	12	15
	LCeL	2º ESO B	3	

2. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

ACTIVIDADE	FINALIDADE	PROFESOR	NIVEL	DATA PREVISTA
1. Representación teatral de <i>El perro del hortelano</i> por parte de la compañía <i>Haz teatring</i> en Santiago (Palacio de Congresos de Galicia). Aproveitarase a viaxe para facer outras visitas de interese cultural para o alumnado, como a subida as cubertas da catedral.	Aproximación a un xénero literario como o teatro e a unha das obras máis representativas da literatura española a través da representación do texto.	Ana Tato	1º BACH.	13/02/2017
2. Representación teatral de <i>Historia de una escalera</i> por parte de la compañía <i>Haz teatring</i> en Lugo (Auditorio Gustavo Freire). Como no caso anterior, aproveitarase a viaxe para facer outras visitas pola cidade de interese cultural para o alumnado.	Aproximación a un xénero literario como o teatro e a unha das obras máis representativas da literatura española a través da representación do texto.	Carolina Mariño Ana Tato	4º ESO 2º BACH.	19/01/2017
3. Aplicación nas aulas do programa periodístico de <i>La Voz de Galicia</i> , "Prensa-escuela". Inclúe a recepción de exemplares de balde os mércores e comentario do contido e estrutura das noticias.	Coñecemento e uso das técnicas e as estratexias necesarias para a comprensión de textos escritos. Lectura, comprensión e interpretación de textos xornalísticos.	Mª Pilar Martín	1º ESO	Todo o curso
4. Visita de Raúl Vacas, autor dunha das obras de lectura de 1º ESO da editorial Edelvives.	Aproximación á figura do autor e do proceso creativo da súa obra.	Mª Pilar Martín	1º ESO	12/12/2016
5. Concursos varios que se concretarán ao longo do curso. Colaboracións coa biblioteca do centro.	Motivación ao alumnado.	Todas as profesoras do departamento	ESO BACH.	Todo o curso

Viveiro (Lugo), 20 de outubro de 2016



Asdo. Ana María Tato Álvarez
Xefa de Departamento